



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición decreto: CONTRATACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE PERSOAL VARREDOR/A DO CONCELLO DE ARZÚA

DON XOAN XESÚS CARRIL RAMOS, Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa (A Coruña)

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 10/01/2024, aprobou a seguinte convocatoria e as bases para constituir unha bolsa de emprego temporal de persoal varredor/a do Concello de Arzúa (Expte TEDEC 2024/E001/000001).

Visto que no BOP n.o 12 do 16 de xaneiro de 2024 saiu publicada a Convocatoria e bases para constituír unha bolsa de emprego de persoal varredor/a .

Visto o anuncio publicado na data 13/03/2024 no taboeiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa, onde se publican as puntuacións da parte teórica, práctica, galego e se configura a bolsa de emprego por orde de puntuación.

Vista a providencia da alcaldía da necesidade e urxencia de cubrir o posto de varredor dun traballador por baixa por ILT de data 20/04/24.

Visto informe favorable de secretaria sobre a necesidade e urxencia de cubrir o posto de data 21/03/24.

Visto informe da técnico de xestión do estudio de custes para cubrir éste posto de data 21/03/24.

Visto informe de intervención da mesma data sobre existencia de crédito.

Visto informe da AEDL de data 22/03/2024, sobre o chamamento o primer candidato da lista para que manifestara o seu interese en ésta contratación

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21.1. h) da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Contratar a José Ramón Carril Carril para cubrir a baixa por ILT de D. José Manuel Sánchez García.

SEGUNDO- Configurar a seguinte bolsa de emprego, co detalle e orde que se indica a continuación:

Nº	DNI	Nome e apelidos
1	**2541***	José Ramón Carril Carril (Contratado)
2	**2860***	Adelina Santos Vázquez
3	**8123***	Esther Mendoza Lareo
4	**7870***	Benoit María Reveillere
5	**2921***	José Luis Vázquez Astray
6	**7809***	Maria Carmen Andrade Pampín

TERCEIRO- Requerir ó interesado, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios, a seguinte documentación: 1. Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a; sen prexuízo dun posterior recoñecemento. 2. Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. 3. Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

CUARTO- Publicar éste decreto no Taboeiro de anuncios do Concello de Arzúa (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>)

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde-Presidente
Asdo: XESÚS XOÁN CARRIL RAMOS

Dou fe, o secretario
Asdo: ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ